

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2025.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D. Juan Carlos García Barreiro, D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. Pablo Bugía López e D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

Na Casa do Concello de Coirós, ás vinte horas e cincuenta e dous minutos do día trece de novembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación Municipal, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.-

Polo Sr. Alcalde dase conta do borrador da acta da Sesión ordinaria celebrada o 15 de maio de 2025, e pregunta se algún membro da Corporación quere facer algunha observación, non realizándose ningunha.

Sometida a acta a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- ACORDO DE ADHESIÓN CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE PILAS E ACUMULADORES

O Concelleiro Sr. Boado expón o Convenio marco de colaboración entre a consellería de medio ambiente e cambio climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores, indicando que é un convenio que xa existía e que hai que renovar, e a adhesión se realiza na Modalidade B.

Sometida a proposta a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

3.- ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE RESIDUOS E ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SO USO.

O Sr. Boado expón o Convenio marco de colaboración entre a consellería de medio ambiente e cambio climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

Indica que a adhesión se realiza na Modalidade B.

Sometida a proposta a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros

presentes.

4.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CÁRITAS PARA RECOLLIDA DE TÉXTIL.

O Sr. Boado expón o Convenio de colaboración entre o Concello de Coirós e CÁRITAS Diocesana de Santiago de Compostela para a instalación de colectores coa finalidade da recollida e tratamento do residuo téxtil.

A Sra. Ferreño indica que os residuos téxtiles son un problema, e que as solucións son benvidas.

Sometido a votación, resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes.

5.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON MULLERES COLLEITEIRAS PARA RECOLLIDA DE ACEITES VEXETAIS USADOS DE ORIXE DOMÉSTICO.

O Sr. Boado expón o Convenio de colaboración entre o Concello de Coirós e Mulleres Colleiteiras, S. Coop. Galega, para a recollida de aceites vexetais usados de orixe doméstica.

Sometido a votación o texto do convenio, resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes.

6.- INFORMES DE ALCALDÍA.

Non se producen intervencións.

7.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE E Á NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA.

A Concelleira, Sra. Ferreño, procede a expor a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2025 cumpríronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista, aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non se recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa ás vítimas da violencia sexual; non se garante a formación especializada das dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, eliminouse a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galicia só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descansando funcións que lle son propias nos Concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no ano 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita

contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos. Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.

Neste 2025 cúmprense tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estadísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vais de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando os recursos e servizos públicos.

Por estes motivos, a Corporación municipal do Concello de Coirós denuncia que o negacionismo da violencia machista é unha forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e, así mesmo, anima á veciñanza da localidade a

secundar as mobilizacións do movemento feminista galego.

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG somete a debate esta moción e solicita á corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas

a) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrência e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

b) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

c) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.”

A Concelleira Sra. Valiño, toma a palabra para destacar o total compromiso do seu grupo coas vítimas e son conscientes do traballo que queda por facer.

Afirma que están outra vez ante a mesma moción típica, repetindo o mesmo, bipartito ben, pero PP recortes. Indica que todos os anos se incrementa o orzamento da Xunta e se dota de máis diñeiro aos CIM. Afirma, así mesmo, que non se pode mentir, xa que o PP foi o primeiro que estableceu un plan de formación en igualdade. Que en Coirós se traballa en

igualdade nas escolas, e que non hai a mesma bravura para criticar ao Goberno do Estado ou ao Ministerio de Igualdade. Afirma tamén que non é o BNG o único preocupado polas mulleres.

A Sra. Ferreiro responde que os datos económicos non os inventa o seu grupo, que son datos do Consello de Contas. Indica que non ven a criticar ao Goberno do Estado porque aquí toca criticar o que nos afecta e nos compete. Afirma que volverán a traer esta moción todos os anos, o PP votará en contra e eles a volverán a traer, e que eles non queren ser adalides de nada, pero aquí se lles criticou por emplear termos como feminicidio.

A Sra. Valiño finaliza indicando que os datos están ahí.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada por 3 votos a favor (2 BNG e 1 PSOE) e 6 votos en contra (PP).

8.- MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER A REVISIÓN DA ORDENANZA DE AUGA E SANEAMENTO EN CASO DE PERDAS POR FUGAS FORTUITAS.

A Sra. Ferreiro expón a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO do Concello de Coirós recolle, no seu artigo 4. “Obrigas do abonado” o seguinte:

a) Todo abonado virá obrigado a pagar puntualmente os cargos que o concesionario lle formule de acordo cos prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos en que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ao concesionario.

O dereito á auga implica tamén deberes. As persoas usuarias teñen que coidar as súas tubaxes do mesmo xeito que o concello debe melloras a redes pública. Falamos dunha responsabilidade compartida.

Se ven o que recolle a normativa fai referencia a avarías ocasionadas fóra do ámbito das competencias da empresa concesionaria, é innegábel que na maioría dos casos estas fugas non son intencionadas ni por negligencia manifesta da persoa abonada. Desde o BNG entendemos que é urxente traballar na liña da prevención. Neste sentido propoñemos promover a revisión e o mantemento das instalacións interiores por parte das persoas abonadas para evitar que esas fugas ocorran.

Moitas veces estes problemas aparecen cando non se atopa ninguén nos domicilios impedindo unha actuación rápida que evite a perda masiva de auga. Así pois, e aínda tendo en conta que o obxectivo non é que o concello asuma os custes das fugas nas instalacións privadas, si que consideramos necesario introducir un criterio de tarifas máis xusto para casos fortuítos. Esta redución aplicaríase unha soa vez por incidencia e previa acreditación da reparación.

Ao tempo, informes da empresa concesionaria e do concello recoñecen perdas próximas ao 40% na rede pública e aínda que se teñen anunciado medidas para reducilas, non temos constancia até agora de que estes traballos se estean acometendo. Esta cuestión é un moi mal exemplo sobre como xestionar un ben común.

Desde o BNG buscamos con esta moción garantir a equidade e a responsabilidade social conxunta na xestión deste ben tan valioso que é a auga.

*Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón para o seu debate e aprobación en pleno os seguintes **ACORDOS**:*

1. Instar á empresa concesionaria a acometer un plan integral urxente para a realización de auditorías nas redes, de subministro e tamén saneamento, para detectar as fugas e poñerlles remedio de xeito inmediato.

2. Realizar unha campaña de concienciación para que as persoas abonadas realicen revisións e o mantemento das canalizacións privadas para mantelas en bo estado.

3. Introducir no regulamento do servizo de auga de saneamento do concello de Coirós un artigo que recolla un criterio de revisión de facturas por fugas e avarías fortúitas dentro do ámbito particular da persoa abonada

a) No mesmo definiranse os pasos a seguir por parte da persoa abonada e as comprobacións a realizar por parte da empresa concesionaria para aceptar a redución do pago.

b) A redución aplicaríase unha vez demostrado que se ten feito a reparación.

c) Quedarían excluídas destas revisións de custes as avarías sucesivas que demostren debidas a un mal mantemento das instalacións por parte das persoas abonadas”

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica que a perda de auga acontece en todos os concellos de España. Fai un ano Espina & Delfin optou a unha achega, e o seu destino era adaptar os contadores para ver a fuga dende a central. En 2023 a perda era de un 36%, en 2024 de un 31%, e en 2025 de so un 25%. A idea é chegar a un 80% de rendemento.

Afirma que parece que o goberno do concello non fai nada. Espina & Delfin vai avaliar a fuga, e se é un erro da persoa (unha avaría interna) se cobraba íntegro, e se non era a súa culpa o Alcalde falaba con eles para ver como se podía facer.

O Concelleiro, Sr. Boado intervén para explicar que en decembro de 2024 se empezaron a cambiar os contadores, que son máis de 700, e ademais instaláronse contadores xerais por zonas.

A Sra. Ferreño indica que se se fan sectores é máis sinxelo acoutar, e que se alegran polos avances. Hai 4 anos houbo unha avaría, e lle consta que a esa persoa non se lle perdoou.

O Sr. Alcalde afirma que xa se están arranxando estas cuestións.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada por 3 votos a favor (BNG e PSOE) e 6 votos en contra (PP).

9. MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER A CATALOGACIÓN, PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL LIGADO Á AUGA DE COIRÓS.

A Sra. Ferreño expón a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG de Coirós ten demandado en diversas ocasións un Plan integral para limpar, sinalizar, protexer e por en valor o patrimonio cultural ligado á auga -nomeadamente lavadoiros e fontes públicas- que existe no concello de Coirós, tanto a través de emendas aos orzamentos municipais como mediante mocións debatidas en diferentes sesións plenarias.

Entre este patrimonio atópase, por poñer un exemplo, a Fonte de Ferrollo, no lugar do mesmo nome en Queirís. Trátase dunha construción singular que consta dun pozo que se anega nas épocas de choiva e verte a un lavadoiro anexo. Esta estrutura ficou case soterrada coa construción do desvío da N-VI a mediados dos anos 80. A pesar diso, a veciñanza da zona demanda cada ano a limpeza do camiño de acceso, polo valor histórico e patrimonial que ten. Na actualidade, o espazo atópase moi deteriorado e o camiño é de difícil tránsito, incluso para persoas sen impedimentos físicos.

Na Xunta de Goberno Local do 30 de setembro de 2025 comunicouse, e recóllese na acta, a adxudicación da “Mellora paisaxística dos lavadoiros de Barreiros, A Casela e Queirís”. Este proxecto, financiado mediante un convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Coirós, conta cun importe de 32.284,06 euros.

Desde o BNG facemos unha valoración positiva desta iniciativa, aínda que a consideramos pouco ambiciosa. Ten pouco sentido limitarse a substituír a cuberta de tres lavadoiros sen dispoñer dun inventario municipal actualizado que recolla todos os bens existentes, xunto cun estudo da súa situación e un plan ordenado e por fases para mellorar a súa conservación, protección e posta en valor.

Tamén puidemos comprobar nestes días que, por exemplo, o lavadoiro de Queirís atópase limpo e en perfecto estado grazas ao traballo voluntario dun grupo de veciñas e veciños do lugar. Xa no ano 2000, a revista As 4 Aldeas da Sociedade Fillos de Ois recollía nun artigo unha relación de lavadoiros e fontes de Ois, o que amosa o interese e o valor social que estes elementos tiveron e seguen a ter.

Sen dúbida existe un interese social e patrimonial para que estes bens se manteñan e se coiden. Desde a administración local temos a responsabilidade de atender esta demanda, por respecto ás persoas que os construíron, por aquelas que os coidan aínda hoxe e polas xeracións futuras, para que coñezan unha parte esencial da nosa cultura e da nosa identidade.

Ademais, compre lembrar que a lexislación vixente obriga os concellos a manter actualizado o inventario dos seus bens, dereitos e accións, conforme o artigo 17 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, e o artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. Este inventario debe recoller tamén os bens culturais e etnográficos de titularidade municipal, como fontes e lavadoiros, polo que é necesario dar cumprimento a esta obriga legal e garantir a súa actualización efectiva.

É urxente que o goberno municipal aposte por poñer en valor o noso patrimonio máis aló de actuacións puntuais sen planificación nin continuidade. Son moitas as fontes e lavadoiros dispersos pola nosa pequena xeografía, algúns -como Fonte de Ferrollo- cunhas características únicas.

*Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón para o seu debate e aprobación os seguintes **ACORDOS**:*

Instar ao goberno municipal a:

- Inventariar todas as fontes e lavadoiros do termo municipal de Coirós e incluír estes elementos no catálogo municipal de bens patrimoniais, dando cumprimento á lexislación vixente.*

- Elaborar un plan de limpeza urxente para eliminar a vexetación e restaurar o funcionamento das canalizacións afectadas.*

- Diseñar e executar un programa de analíticas periódicas das fontes para coñecer o estado da auga e poder adoptar as medidas necesarias para mellorar o estado da auga.*

- Redactar e desenvolver un plan de recuperación, conservación e sinalización das fontes e lavadoiros do concello, co obxectivo de poñer en valor este patrimonio vinculado á memoria colectiva e ao traballo das mulleres.*

- Acometer actuacións urxentes na Fonte de Ferrollo, pola súa singularidade e estado de deterioro.”*

O Sr. Boado toma a palabra e afirma que está todo inventariado, pero “Fonte de Ferrollo” non está claro que sexa municipal.

A Sra. Ferreño afirma que son bens de interese, e que non cree que aos veciños lles importe. Así mesmo indica que non puido consultar o inventario.

O Sr. Boado afirma que se van recuperando e mellorando os bens segundo hai fontes de ingresos. Tamén pregunta en base a qué realizar as analíticas.

O Sr. Alcalde pecha o debate aclarando que o que están a comentar de Queirís é un pozo, non unha fonte, e non é do Concello. Así mesmo aclara que a mellora de lavadoiros foi o que conseguiu en Medio Rural. Resumindo aclara: Xa está inventariado, se vai limpando cando se pode, e realizar analíticas a todo é unha esaxeración.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada, con 3 votos a favor (BNG e PSOE) e 6 votos en contra (PP).

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

BNG:

Concelleira Sra. Ferreño:

- Solicita que se esixa á empresa concesionaria de transportes que teña horarios nas paradas.

O Sr. Alcalde móstrase de acordo.

- Pregunta sobre quén limpa os roteiros

O Sr. Alcalde responde que se limpa como se pode, en verán con plans de emprego, por exemplo.

- Pregunta se o Convenio para a aula de Chelo está asinado.

O Sr. Alcalde responde que si.

A Sra. Ferreño indica que hai que pedir máis diñeiro.

- Indica que existen asociacións que usan locais municipais, e que se debería redactar unha ordenanza para ocupar eses locais, xa que saíron subvencións e os requisitos son dispoñer dun local.

- Pregunta sobre en qué punto está o expediente de Cortizo, que empezou como almacén de aluminio e agora está como fundición de chatarra.

O Sr. Alcalde responde que a Arquitecta está con ese expediente e que os informes da Xunta son positivos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e oito minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO